



THE LAST OF ENGLAND

Gran Bretaña | 1987 | 87 min | Vanguarda

DIRECCIÓN: Derek Jarman

GUIÓN: Derek Jarman

MÚSICA: Simon Fisher Turner

FOTOGRAFÍA: Richard Heslop, Christopher Hughes, Derek Jarman, Cerith Wyn Evans

INTÉRPRETES: Tilda Swinton, John Phillips, Spring Mark Adley, Gay Gaynor, Matthew Hawkins, Spencer Leigh, Nigel Terry

SINOPSE: A película narra a decadencia e caída de Inglaterra desde o punto de vista de Londres e Belfast. O cineasta británico Derek Jarman combina a súa imaxinaría erótica estándar con técnicas documentais innovadoras. Películas antigas caseiras de Super-8 ou imaxes rodadas cámara en man, material de arquivo, noticiarios e un aluvión de música familiar e rueira forman un mosaico asombroso de alusións apocalípticas. Jarman tamén escribiu o libro en que se basea esta película.

Na década dos oitenta, o vídeo musical é o único ámbito onde evolucionou a linguaxe cinematográfica.

Derek Jarman

En 1987, preséntase no festival de Cannes a película *Aria*, unha obra colectiva onde cineastas punteiros como Robert Altman, Ken Russell, Nicholas Roeg, o propio Jarman ou Jean-Luc Godard aplican a estética do videoclip a un conxunto de arias célebres de ópera. Estamos en plena eclosión do relato musical, cando o cinema se quere liberar dos constrinximentos que lle impón a narración deixándose mexer polos novos ritmos. Ese é o tempo de películas como *The Last of England*.

Iniciada a rodaxe en agosto de 1986, o 22 de decembro dese mesmo ano deféctanlle ao seu realizador o virus da sida. Unha circunstancia que necesariamente alterou o resultado final de *The Last of England*, obra realizada en formato afeccionado (Super-8, inchado logo a 35 mm) e coa liberdade total que dá un exíguo presuposto. O seu ton apocalíptico, a inminente irrupción dun crepúsculo que, en principio, apenas interrompen unhas bengalas, ten moito que ver con ese diagnóstico sen esperanzas.

O contaxio desta enfermidade dálle, segundo conta o mesmo Derek Jarman, unha nova perspectiva sobre o feito de facer arte e sobre como esta experiencia se relaciona con vivir en Gran Bretaña nos anos oitenta e noventa. O resultado, o ton descarnado de denuncia social, é un reflexo desa guerra privadísima que libra o cineasta contra o virus. De aí o xogo de

combinar imaxes persoais, Super-8 familiares onde vemos o neno Derek xogando coa súa irmá, con outras que remiten ao colectivo como as secuencias que o seu odiado pai rodou dos bombardeiros Wellington despegando durante a segunda guerra mundial.

Ao interromper con *home movies* propias un presente ameazado de morte, sentimos como a sombra do terrorismo ou a deterioración da vida pública nos afecta non só no nivel colectivo senón, sobre todo, no íntimo. O cineasta vai agregando cápsulas de memoria, de tempo privado, contra un medo que quixese dominar, tratando de abortar esa eterna noite. Os últimos planos de *The Last of England* mostran a actriz Tilda Swinton encontrándose consigo mesma ou bailando no ollo do furacán. E a imaxe de clausura: unha pequena embarcación que, malia todo, segue navegando.

Cinema que incomoda, inquieta, sen deixar de ser optimista. A escuridade caeu sobre o Imperio, o retrato de Inglaterra é o dun territorio en perpetua guerra pero, mentres tanto, un puñado de individuos continúa. Texto audiovisual afirmativo, enunciado de forma intermitente por unhas voces anónimas que xorden como sombras desprovistas de identidade, que se pronuncian contra unha comunidade cruel capaz tanto de desprazar e discriminar os seropositivos coma de dinamitar un sentido cívico de vivir e destruír o ecosistema.

The Last of England é un documento precioso, creado ao principio da terceira lexislatura da señora Thatcher, delirio directo e poético que enche baleiros narrativos e rompe ventás. Filme insólito, inconformista e radical que ocupa o seu propio espazo e que, ao carecer dunha estrutura argumental e ao ser concibido á marxe de calquera presión política, non se parece a ningún outro da súa época.

Daniel Gascó





SINOPSIS La película narra la decadencia y caída de Inglaterra desde el punto de vista de Londres y Belfast. El cineasta británico Derek Jarman combina su imaginaria erótica estándar con técnicas documentales innovadoras. Películas antiguas caseras de Super-8 o imágenes rodadas cámara en mano, material de archivo, noticiarios y un aluvión de música familiar y callejera forman un mosaico asombroso de alusiones apocalípticas. Jarman también escribió el libro en que se basa esta película.

En la década de los ochenta, el video musical es el único ámbito donde ha evolucionado el lenguaje cinematográfico.

Derek Jarman

En 1987, se presenta en el festival de Cannes la película *Aria*, una obra colectiva donde cineastas punteros como Robert Altman, Ken Russell, Nicholas Roeg, el propio Jarman o Jean-Luc Godard aplican la estética del videoclip a un conjunto de arias célebres de ópera. Estamos en plena eclosión del relato musical, cuando el cine quiere liberarse del corsé narrativo dejándose mecer por los nuevos ritmos. Ese es el tiempo de películas como *The Last of England*.

Habiendo iniciado el rodaje en agosto de 1986, el 22 de diciembre de ese mismo año le detectan a su realizador el virus del sida. Una circunstancia que necesariamente alteró el resultado final de *The Last of England*, obra realizada en formato *amateur* (Super-8, hinchado luego a 35 mm) y con la libertad total que da un exiguo presupuesto. Su tono apocalíptico, la inminente irrupción de un crepúsculo que, en principio, apenas interrumpen unas bengalas, tiene mucho que ver con ese diagnóstico sin esperanzas.

El contagio de esta enfermedad le da, según cuenta el mismo Derek Jarman, una nueva perspectiva sobre el hecho de hacer arte y sobre cómo esta experiencia se relaciona con vivir en Gran Bretaña en los años ochenta y noventa. El resultado, el tono descarnado de denuncia

social, es un reflejo de esa guerra privadísima que libra el cineasta contra el virus. De ahí el juego de combinar imágenes personales, Super-8 familiares donde vemos al niño Derek jugando con su hermana, con otras que remiten a lo colectivo como las secuencias que su odiado padre rodó de los bombarderos Wellington despegando durante la segunda guerra mundial.

Al interrumpir con *home movies* propias un presente amenazado de muerte, sentimos cómo la sombra del terrorismo o el deterioro de la vida pública nos afecta no sólo en el nivel colectivo sino, sobre todo, íntimo. El cineasta va agregando cápsulas de memoria, de tiempo privado, contra un miedo que quisiera dominar, tratando de abortar esa eterna noche. Los últimos planos de *The Last of England* muestran a la actriz Tilda Swinton encontrándose consigo misma o bailando en el ojo del huracán. Y la imagen de clausura: una pequeña embarcación que, pese a todo, sigue navegando.

Cine que incomoda, inquieta, sin dejar de ser optimista. La oscuridad ha caído sobre el Imperio, el retrato de Inglaterra es el de un territorio en perpetua guerra pero, mientras tanto, un puñado de individuos continúa. Texto audiovisual afirmativo, enunciado de forma intermitente por unas voces anónimas que surgen como sombras destituidas de identidad, que se pronuncian contra una comunidad cruel capaz tanto de desplazar y discriminar a los seropositivos como de dinamitar un sentido cívico de vivir y destruir el ecosistema.

The Last of England es un documento precioso, creado al principio de la tercera legislatura de la señora Thatcher, delirio directo y poético que llena vacíos narrativos y rompe ventanas. Film insólito, inconformista y radical que ocupa su propio espacio y que, al carecer de una estructura argumental y al haber sido concebido al margen de cualquier presión política, no se parece a ningún otro de su época.

Daniel Gascó

